

NA NUBES

A fada cristalina

26.10.2008

LUPE GÓMEZ

Chelo Suárez era unha escritora descoñecida, e agora que temos a sorte de coñecela e poder lela, é un diamante. Resulta necesario pronunciar a pel das nubes. É poesía erótica? Son poemas de amor? As palabras xorden no papel branco como dornas cheas de sentimento que van cruzando o mar. Chelo Suárez é autodidacta. Aprendeu ela soa a debuxar a beleza.

Dous libros seus chegan ás nosas mans, e cando os lemos sentimos que nos reconciliamos co viño da literatura. O milag.es de *Cristamar*, novela editada en Edicións Positivas, coa que Chelo Suárez gañou o premio de Literatura Erótica

Narrativas Quentes, e o poemario *Corpo de mar*, editado en Espiral Maior. Cando todo se enreda e complica demasiado, cando os poetas se volven sofisticados e pedantes, esta muller da Coruña redescobre camiños de pracer e alegría. Ela é unha fada cristalina.

Os seus ríos de palabras están cheos dunha enerxía íntima, que fai que todo sexa moi lírico, moi subxectivo. Ela non sabe escribir sen que a poesía aniñe na súa mirada rebelde e pacífica. "A miña infancia traxorria entre medrar, ler e aprender, namentras observaba de redor todo aquilo que non estaba nos libros", así explica ela a súa nenez e os seus partos de palabras. Chelo Suárez escribe con delicadeza, como se os versos fosen pianos que poden romper en calquera momento. A pel das nubes é moi fráxil.

"Corpo de mar" é un poemario tremendamente aberto, lúcido, sensual. A autora díxolle á xornalista Montse Dopico nunha entrevista: "Quixen reivindicar o amor. Todo tipo de amor: o do mar coa muller, o que xorde entre mulleres, entre homes, entre un home e unha muller." Como se o amor tivese moitísimas caras, moitísimas posibilidades. Camiñar entre os poemas de *Corpo de mar* é unha forma de abrir o mundo, ensanchar os ollos, soñar con ceos que están "máis alá" das nosas vidas, lonxe dos camiños trillados. A linguaxe convértese nunha nena atrevida e boa.

O pracer dos corpos é unha "festa de pecado". Para moita xente as cousas que nos conta Chelo Suárez serían consideradas como "porcalladas", pero ela fala cunha sinxeleza e unha humildade tan grandes que todo o que di é como se o dixeran un anxo. "É un libro sinxelo pero que está ben. Non é nada e é moito á vez" confesa a poeta, como se estivese falando da colleita de patacas ou dos devalos da lúa. Os abrazos, os bicos e os aloumiños son a parte máis serena e máis limpa das nosas historias. Non poderíamos respirar nin vivir se non tiveramos amor para encher as barrigas.

Monxa e putas

Un dos capítulos de *Os milagres de Cristamar* titúlase: "Onde se funda un convento e ao lado xorde unha congregación de putas". Toda a novela vai paseando por esas dúas realidades, que parecen irreconciliables pero que son irmás xemelgas. Non podemos entender as monxas sen pensar nas putas, e no interior dunha puta tamén hai unha monxa asustada. Os personaxes desta historia son



A escritora Chelo Suárez, un diamante
FOTO: AGN

estraños e son encantadores. É como se, lendo o libro, lle colleras cariño a todo o que nel se conta. Resulta embriagador, e vaite atrapando, vaite seducindo, vaite arrastrando.

É unha novela breve, na que hai hermafroditas, castratos, mariñeiros... Hai quen di que "a literatura galega é moi pudorosa". O escritor Anxo Rei Ballesteros dixo tamén que: "a sinceridade é algo pouco habitual na literatura galega.". Chelo Suárez rompe todos os tópicos e todos os espellos e enfróntase ao reto de falar co corazón sobre temas que poderían ser escandalosos, pero que nas s. as mans teñen unha tenrura cristalina.

Normalmente os libros cheiran moito. Olen mal porque están feitos con demasiada presunción, con egocentrismo, con ansias de fama e protagonismo. Os libros cheiran que apestan porque as persoas que os escribiron sintense como deuses do universo, e a literatura está demasiado "intelectualizada". Agradecemos a naturalidade e a espontaneidade que nos agasalla Chelo Suárez, unha muller que sempre escribiu, e que é colaboradora de Radio Oleiros, onde ten levado a cabo unha serie de contos dramatizados. As fadas verdadeiras teñen os ollos grandes.

As marxes

Podemos visitar a exposición Mar.es e mapas, sobre a creación de xénero en Galiza, aberta no Auditorio de Galicia. Son obras de arte contemporánea coas que disfrutamos moito. Resulta unha exposición divertida e sincera. Reúne vinte e seis artistas galegas. Son "miradas ao redor dun mapa creativo que toma como punto de partida mediados da década dos noventa". Entre elas está Antía Moure, coas súas paisaxes desoladas e poéticas. Unha parede vella dille a outra parede vella: "Te quise más que a mi propia vida, hijo de puta." Mónica Alonso resulta "un pouco infantil" ao mesmo tempo que moi madura. Berta Cáccamo debuxa os reflexos das cores cando chega a noite. Loreto Martínez Troncoso escribe textos cheos de vida, que non teñen principio nin final. Andrea Costas fai fotografías que resultan dolorosas e curativas. Rita Rodríguez xoga co misterio interior das imaxes e das palabras. Son propostas enriquecedoras e estimulantes. Os comisarios desta exposición, Chus Martínez Domínguez e Xosé Manuel Lens definen así os seus obxectivos: "Con esta mostra, definimos un proceso aínda aberto no debate de xénero en Galiza, capaz de constituír un bo referente para calibrar accións e implicacións producidas desde a creación, como incremento dun proceso integrador existente nun desexo de transformar, de mudar e preguntar".

A escritora tamén se move nesas marxes inclasificables e borrosas. Son territorios de liberdade para creadoras que se mergullan nun mar de preguntas sen resposta. As fadas cristalinas teñen a pel tatuada con palabras de amor. "E o corpo manancial de praceres foi feito para amar..."